



Expediente núm. 2025/E001/000001

ACTA Nº 2

Sendo as 08:30 horas do día 06 de agosto de 2025, na Casa do Concello, reuniuse o tribunal encargado de rexir o proceso selectivo para a creación dunha lista de espera de limpador/a do Concello das Pontes de García Rodríguez, co fin de resolver as alegacións presentadas aos resultados publicados da proba de avaliación de coñecementos (nº de rexistro 202500000003312).

Comisión Cualificadora (asistentes):

Presidenta: D^a. Margarita Rivera Piñeiro

Vogalías: D^a. Ángeles Pérez Paz
D. José Durán Tojeiro
D. Brais Doval Pazos

Secretaria: D^a. Noelia Tembrás Tembrás

1º) Unha vez examinadas as alegacións presentadas no escrito con nº de rexistro 202500000003312, o tribunal acorda:

- Pregunta exame **nº 2 : resposta correcta b)**

Na corrección inicial indicouse erradamente como correcta a opción c), cando en realidade a resposta axeitada é a opción **b) Cortiza**.

Xustificación:

A cortiza é un material moi poroso e absorbente, polo que a aplicación de emulsións en base auga pode danar a superficie, provocando deformacións ou perda de adherencia do produto. Pola contra, superficies como o linóleo, a goma ou os plásticos están preparadas para recibir este tipo de tratamentos sen deteriorarse.

Polo tanto, estimamos a alegación presentada pola examinada, e procédese á corrección da resposta válida da pregunta número 2, que pasa a ser a opción b).



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: ntt

- Pregunta exame **nº 15**: non se admite a alegación. **Resposta correcta c)**

Os símbolos de perigo utilizados nas etiquetas dos produtos químicos, incluídos os de limpeza, deben seguir o Sistema Globalmente Armonizado (SGA/GHS) ou, en normativa anterior, o sistema CLP. O deseño tradicional incluía un pictograma de cor negra sobre fondo amarelo alaranxado (naranja), mentres que o sistema actual GHS utiliza fondo branco con marco vermello.

A opción **c) negro sobre fondo amarelo alaranxado** correspóndese co formato tradicional segundo a Directiva 67/548/CEE, aínda presente en numerosos produtos de limpeza, especialmente no ámbito non industrial, e continúa a ser válida en contextos formativos ou profesionais básicos.

A opción a) negro sobre fondo branco non é válida nin no sistema tradicional nin no actual, xa que o formato GHS require expresamente un marco vermello arredor do fondo branco.

Por todo isto, considérase que a resposta correcta á pregunta 15 é, sen lugar a dúbidas, a opción c), e procédese a desestimar a alegación presentada.

- Pregunta exame **n.º 4R**: **anúlase**

Unha vez revisadas as alegacións presentadas e contrastada a información xeográfica oficial, infórmase que a pregunta número 4R, referida aos límites do concello de As Pontes de García Rodríguez, presenta un erro de fondo nas súas opcións de resposta.

Tras análise cartográfica, conclúese que:

- Monfero limita co concello das Pontes polo sur, non especificamente polo sueste.
- Muras e Xermade sitúanse cara ao leste e nordeste.
- Ortigueira atópase ao norte, sen contacto polo sueste.
- Ningunha das opcións recolle con exactitude a delimitación sueste do termo municipal.

Polo tanto, ao non existir ningunha opción correcta entre as ofrecidas, procédese á anulación da pregunta número 4R, conforme aos criterios establecidos para garantir a xustiza e obxectividade do proceso selectivo.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: ntt

2º) O cadrante de respostas quedaría establecido como segue:

1 A B C	19 A B C	37 A B C
2 A B C	20 A B C	38 A B C
3 A B C	21 A B C	39 A B C
4 A B C	22 A B C	40 A B C
5 A B C	23 A B C	1R A B C
6 A B C	24 A B C	2R A B C
7 A B C	25 A B C	3R A B C
8 A B C	26 A B C	4R Anulada
9 A B C	27 A B C	5R A B C
10 A B C	28 A B C	
11 A B C	29 A B C	
12 A B C	30 A B C	
13 A B C	31 A B C	
14 A B C	32 A B C	
15 A B C	33 A B C	
16 A B C	34 A B C	
17 A B C	35 A B C	
18 A B C	36 A B C	

3º) Unha vez resoltas as alegacións, procédese novamente á corrección dos exames. As puntuacións resultantes son as seguintes:

CÓDIGO	PUNTUACIÓN
2	22,60
7	48,10
8	41,50
9	46,40
10	43,20
12	34,50
13	48,50
14	53,20
15	41,30
16	44,70
17	43,80
18	54,90



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: ntt

CÓDIGO	PUNTUACIÓN
19	48,70
20	51,70
21	32,80
22	48,50
23	34,40
24	46,40
25	36,20
26	41,30
27	46,40
28	45,10
29	49,80
30	48,50
31	46,40
32	44,40
33	51,70
34	47,40
35	47,00
36	42,10

4º) Convócase aos aspirantes que desexen asistir á apertura de sobres e identificación de códigos para mañá día 7 de agosto de 2025 ás **9:00 horas no Salón de Plenos** do Concello das Pontes de García Rodríguez.

E non sendo outro o obxecto da convocatoria péchase a sesión ás 9:30 horas.

En As Pontes de García Rodríguez, a 6 de agosto de 2025

Asinado dixitalmente